

SOMOS cambados

PROGRAMA DE GOBERNO

Afrontamos a redacción deste programa electoral sendo conscientes da difícil situación que vivimos: fortes transformacións tecnolóxicas e polo tanto económicas, emerxencia climática, desigualdades sociais...

Queremos facer un **programa realista, que se poida cumprir**. Que fuxa dos grandes proxectos urbanísticos, das promesas de investimentos millonarios, que obrigarán a pagar máis impostos ou a aumentar a débeda do Concello e que deberán pagar as xeracións futuras.

Queremos un programa que se centre no esencial: en **mellorar a vida dos veciños e veciñas**. *Queremos un Cambados máis accesible, máis saudable e máis sostible medioambientalmente.*

O mundo está en emerxencia climática, e á hora de redactar un programa electoral non podemos ser alleos a iso. Toda a acción de goberno debe estar enfocada a esta realidade, se somos responsables, se pensamos no futuro dos nosos fillos e fillas, non podemos mirar para outro lado, non podemos seguir vivindo como se non pasara nada. **Cambados debe ser un concello sostible**. Cara aí están indo as sociedades máis avanzadas do planeta. E non pode ser só unha declaración de intencións, un reclamo publicitario, ten que ser a columna vertebral do noso programa. E o eixe director da nosa acción de goberno.

Somos Cambados é un partido que naceu aquí, que ten o local como prioridade, que non depende nas súas decisións das estruturas dos partidos de Pontevedra, Santiago ou Madrid, que está en contacto coa cidadanía, coñece os seus problemas e favorece a súa participación de xeito directo.

Este programa foi realizado coas achegas de moitos veciños e veciñas.



COMERCIO O LOCAL IMPORTA

Porque está cerca, é máis sostible, crea emprego na nosa vila, paga impostos aquí, dá vida e son os nosos veciños e veciñas. *Somos Cambados* é un partido local, nacemos aquí, o comercio local é unha prioridade para nós.

- Seguiremos **impulsando e mellorando as campañas do Nadal**, que xa é un referente para a nosa comarca, **Cambados Histórica, Feira de Oportunidades, Mercado das Flores...**
- Seguiremos **colaborando con Zona Centro** nas campañas de fomento de compras no comercio local coma os **Bonos 3x2, Día do Pai, Día da Nai, Día de Rosalía, Cambados Namora....**
- Promoveremos que as compras de subministros para o Concello se fagan en **establecementos da nosa vila.**
- Crearemos un **Mercado en Fefiñáns** periódico, para **produtos ecolóxicos e de artesanía.** Deste xeito recupérase a tradición do histórico mercado de Fefiñáns e pode atraer visitantes á nosa vila, favorecendo así ao comercio local.



CULTURA

A CULTURA NON É UN LUXO SENÓN UN DEREITO

Debemos continuar a política cultural desenvolvida nos últimos catro anos, que se caracterizou pola **gran oferta de actividades** e a variedade destas, dirixidas a todo tipo de público e tanto **no centro** como **nas parroquias**. Cremos que é indubidable que a programación cultural mellorou enormemente. Debe mellorar aínda máis. Cambados é xa un referente cultural e festivo. Seguiremos traballando niso.

- O **Espazo de Torrado** está consolidado como unha sala de exposicións de gran nivel, cunha oferta, en calidade e variedade, comparable a vilas e cidades moito máis grandes. Seguiremos apoiando a xestión actual e facendo as **obras de mantemento do edificio**.
- A **Festa do Albariño** é unha festa de interese internacional. É a festa de referencia para cambadeses e cambadesas, pero tamén un instrumento de **promoción da nosa economía**: o viño, os produtos do mar, a hostalaría e o turismo. Supón un investimento importante, cun amplo retorno para a economía local.
- **Revitalizaremos os museos de Cambados**: do Viño, Muíño da Seca, Museo Cabanillas. Hai que promovelos e incrementar as visitas de escolares e público en xeral. O museo do viño vai ser remodelado e dándolle importancia tamén á historia de Cambados.
- Un concello debe liderar a oferta cultural pero as **asociacións** teñen moito que dicir e chegan a públicos e necesidades aos que non chegan as institucións. Seguiremos apoiando o **incremento das subvencións** a asociacións culturais, que no último orzamento chegou aos 25.000 euros.
- Seguiremos apoiando os **eventos festivos** que se celebren no concello, tamén os das parroquias, que forman parte da cultura popular, tanto economicamente como coa loxística de megafonía, luces, cadeiras, palcos...
- Seguiremos contratando preferentemente a grupos teatrais, musicais, de danza... do noso concello. Apoiando aos artistas galegos en xeral (audiovisual, literatura, ensaio...) e aos cambadeses en particular.

DEPORTES

O DEPORTE É SAÚDE E VALORES

Varias persoas que compoñen a nosa candidatura participan activamente en actividades deportivas, polo que en Somos Cambados somos especialmente sensibles a este tema e coñecemos as necesidades que existen, e imos traballar para atendelas.

Para nós o deporte é unha prioridade. O competitivo e o non competitivo, para todas as idades e todas as persoas: tamén o **inclusivo e adaptado**. Cambados ten un gran número de clubs deportivos, de moi variadas disciplinas, en moi distintas categorías, que teñen alcanzado importantes éxitos. Seguirémolos apoiando.

- Nos terreos públicos de que se dispón na rúa do Atlántico (próxima a área deportiva municipal) faremos varias actuacións: 1) construción dun **skate park** e 2) unha **pista multideporte**
- Imos remodelar o **parque da Seca** en Corvillón, mellorándoa para a práctica deportiva.
- Habilitar **tempo de libre acceso** nas instalacións deportivas municipais para as persoas que queiran practicar deporte pero non formen parte de ningún club deportivo.
- Construción de **instalacións deportivas nas parroquias**, onde hai maior dispoñibilidade de terreos, axuda a descentralizar e dá servizo aos habitantes destas zonas. Construindo tamén instalación para novos deportes como o paddle. Imos construír un novo campo de fútbol en Castrelo e poñeremos novo céspede artificial no campo do Pombal 2.
- Reformaremos o **tellado do pavillón do Pombal** e **puliremos a pista** de parqué e melloraremos as instalacións dos vestiarios para evitar a condensación. Reformaremos o **ximnasio** do pavillón dotándoo de **nova maquinaria** para que poida ser empregado por todos os clubs.

MEDIDAS PARA UN DEPORTE INCLUSIVO E ADAPTADO:

- **Monitores de reforzo** que axuden aos adestradores nos primeiros días de adestramento e faciliten pautas para traballar con persoas con diversidade funcional.
- **Adaptar os accesos e instalacións** de todas as infraestruturas deportivas municipais.
- **Fomentar a inclusión nos equipos deportivos**, organizar charlas informativas para clubs, adestradores e familias.
- Colocación de **pictogramas** en todas as instalacións deportivas municipais para facilitar a mobilidade.



ECONOMÍA

A ECONOMÍA DEBERÁ SER SOSTIBLE OU NON HABERÁ ECONOMÍA

- Todo o noso apoio aos **sectores produtivos primarios**, que son a base de todo o edificio da economía.
- Apoiaremos a **pesca artesanal** e sostible e controlaremos a calidade das augas para que o **sector marisqueiro** non reduza a súa produtividade.
- Promoveremos campañas de **promoción turística** da nosa vila, facendo fincapé na nosa riqueza patrimonial, na oferta cultural e musical, na calidade dos nosos produtos: da horta, o mar e o viño e do alto nivel gastronómico dos nosos restauradores e hostaleiros. Trátase de traer un turismo que valore a calidade e sexa respectuoso co medio ambiente e o patrimonio. Intentando tamén desestacionalo.
- Fomentaremos a concesión de **distintivos especiais** aos establecementos turísticos máis comprometidos coa **calidade** e a **sostibilidade**.
- Seguiremos mellorando a dotación de **infraestruturas** do **polígono de Oubiña** e continuar mellorando a dotación de **servizos** para as empresas, ampliando o estacionamento e mellorando o subministro de auga para as empresas alí instaladas.
- Seguiremos **conxelando os impostos e taxas municipais** para que Cambados continúe sendo o Concello da Comarca do Salnés cos impostos máis baixos
- Apoiaremos firmemente ao **sector bateiro** e a localización litoral das **depuradoras**, porque son dous puntais imprescindibles da economía da nosa vila. Pero ao mesmo tempo **fomentaremos** que **invistan en sostibilidade** e que coiden o medio mariño do que viven. Hai que mirar cara adiante e pensar nas xeracións que veñen, para que poidan vivir tamén deste ecosistema privilexiado que é a ría de Arousa.
- Seguiremos reclamando que a **Sede do Consello Regulador da D.O "Rías Baixas"** se traslade a Cambados.
- Promoveremos a instalación de **enerxías renovables** nas naves do **polígono** para autoabastecemento das empresas
- Crear novos **espazos de coworking** para novas empresas, no polígono industrial, no centro de Cambados ou nas parroquias, para iso imos continuar co despregue de fibra óptica e que chegue a todo o Concello.
- Contrataremos **persoal municipal** a través de Plans e Axudas coma os **Obradoiros de Emprego, Risga** ou **Plan Concellos** para a contratación de desempregados, especialmente xente nova ou parados de longa duración.

ECOSISTEMAS

SOMOS NATUREZA. NON ESTÁ EN XOGO SÓ O MEDIO AMBIENTE, SENÓN O NOSO FUTURO

Ademais, a ecoloxía é tamén economía. Coidando o medio ambiente, protexemos a natureza e tamén podemos aforrar recursos e diñeiro.

- Seguiremos traballando para **reducir** todos os tipos de **contaminación**: das augas, do aire, do chan, e tamén a acústica, electromagnética e a lumínica.
- Promoveremos actividades entre a veciñanza para a **recollida dos residuos plásticos**.
- Promoveremos a **información e formación** de **agricultores e viticultores** sobre as consecuencias dunha agricultura que use demasiados químicos, para a saúde das persoas e para a produtividade futura da terra.
- **Protexeremos** especialmente os **ecosistemas** fluviais (desembocadura do Umia) e mariños: enseadas do Serrido, Castrelo e a Seca para aumentar a produtividade marisqueira.
- Vixiaremos e impediremos os vertidos ilegais



EDUCACIÓN

NON SE EDUCA SÓ NOS CENTROS ESCOLARES, TODA A SOCIEDADE DEBE EDUCAR

A educación formal, en centros de ensino, regulada, é importante. Pero tamén o é a educación non formal: cursos, conferencias, coloquios... Os concellos poden educar e deben promover o acceso da veciñanza de todas as idades ao uso de novas tecnoloxías, a coñecer os riscos do cambio climático, o respecto polo medio ambiente, a xestión dos residuos, a igualdade, o coñecemento do galego, as novas leis que nos afecten...

- **Poremos en marcha do Consello Escolar Municipal** no que participarán membros do Concello, dos centros escolares e das familias. No que se reúnan periodicamente e deste xeito facilitar unha comunicación fluída, a coordinación, e estar ao tanto dos problemas e necesidades e achegar posibles solucións de xeito máis rápido.
- Faremos un **plan de mantemento dos colexios coordinado** xa que as necesidades dos centros escolares coinciden nas mesmas datas.
- Continuaremos apoiando e incrementando as **medidas** que axudan á **conciliación** como o Plan Madruga, os comedores escolares ou a gardería municipal.
- Continuaremos **ampliando** os **horarios** e **espazos de estudo** para estudantes na biblioteca municipal ou noutros edificios, que nas épocas de exames ou oposicións se quedan pequenos.
- Seguiremos incrementando os **programas de bolsas de estudos** e manterémonos como o Concello da Comarca do Salnés que maior importe de axuda dedica a cada estudante universitario.
- Continuaremos **apoiando** o **Conservatorio e a Escola Municipal de Música**, importantísima na formación da nosa infancia e mocidade.

ENERXÍA, INNOVACIÓN CARA A INDEPENDENCIA ENERXÉTICA

A guerra de Ucraína fixo que nos déramos conta do importante que é a enerxía e do vulnerables que somos ante acontecementos que non podemos controlar. É preciso ir cara a independencia enerxética e agora é posible. As enerxías renovables permítenu. E o noso concello ten unha situación privilexiada, porque dispoñemos de moitas horas de sol e ventos frecuentes. Imaxinades que o recibo eléctrico de empresas e particulares fose 0? Pois o avance tecnolóxico nun prazo breve farao posible.

- Fomentaremos e facilitaremos os **trámites** na instalación de **paneis solares** en casas particulares e comunidades de veciños, ampliando as bonificación dos recibos de IBI e outros impostos municipais.
- Instalaremos **paneis solares** en todos os **edificios municipais** en que sexa posible.
- Iremos **renovando** o parque móbil do concello e da policía local con **vehículos eléctricos** e instalaremos puntos de recarga.

IGUALDADE

QUEREMOS FEITOS NON PALABRAS

As declaracións en favor da igualdade aparecen por defecto en todos os programas electorais. A igualdade mola. Pero o problema é que se cumpra. Non chega con poñer de violeta o concello un día ao ano, ou celebrar o día do orgullo. Hai que traballar os 364 días restantes.

- Faremos que os **servizos sociais** estean atentos aos problemas de **violencia de xénero** e ofreceremos solucións cando se presenten: como **vivendas de acollida** ou **axudas económicas**.
- Elaboraremos **protocolos de actuación** ante casos de violencia sexual, para locais de ocio, policía local, centro de saúde...
- Continuaremos facendo **campañas informativas** sobre igualdade e violencia para escolares e para toda a veciñanza. Abordaremos o problema do bulling a persoas LGTB na escola. É un problema de toda a sociedade e todos e todas debemos colaborar.
- Apoiaremos as **asociacións** que traballan coas **mulleres** que son ou foron **vítimas de violencia machista** e que presten a súa actividade en Cambados.
- Continuaremos promovendo a **participación política das mulleres**, levar listas electorais equitativas en número, as chamadas listas cremalleira, é un primeiro paso.
- Promoveremos a **participación de mulleres en proxectos empresariais** e de innovación.
- Estableceremos axudas e asesoramento individualizado para as empresas cambadesas que implanten un **plan de igualdade** independentemente do seu tamaño.



MOBILIDADE

QUEREMOS ACCESIBILIDADE, SAÚDE E SOSTIBILIDADE

Queremos un Cambados accesible para todas as persoas e no que se viva mellor: con menos ruído, menos contaminación e máis seguridade para os peóns. Nas cidades do futuro a prioridade será do peón.

Non daremos nin un paso atrás na peonalización da Praza de Fefiñáns, demostrouse nestes últimos catro anos que o peche ao tráfico da Praza de Fefiñáns e da Rúa Real foi un avance na mellora da imaxe turística de Cambados. De igual xeito, a peonalización da Rúa Príncipe e a Praza Rodas axudou a mellorar sensiblemente a oferta hostaleira e comercial da zona.

- Continuaremos coa **peonalización de rúas céntricas**. A peonalización da Praza de Fefiñáns está consolidada. Foi polémica no principio pero hoxe cremos que non hai ninguén que queira volver atrás agás o Partido Popular. Estase facendo en todas as cidades europeas, non hai volta atrás, as cidades son para vivir, e para vivir ben nelas.
- Seguiremos **mellorando as distintas prazas de Cambados** como espazos de relación, reducindo a circulación rodada e por tanto ruídos e contaminación. Aumentaremos os espazos verdes, plantaremos máis árbores, tan necesarios nas ondas de calor que chegarán. O predominio do cemento e o formigón eleva as temperaturas.
- Peonalizar supón tamén dar alternativas de **aparcamento** tanto a residentes como a turistas. Construiremos un parking público na Merced. O espazo xa existe, cun custe moderado poderanse crear máis de 100 novas prazas de aparcamento. Crearemos outro espazo de aparcamento ao aire libre na zona de Campo Verde, dado que a boa acollida do recién creado da Rúa Nova fai que xa se quede pequeno.
- Vamos construír un **carril bici seguro**, diferenciado do tráfico de coches e dos peóns, aproveitando tramos do xa existente no paseo que vai dende o muíño da Seca ata San Tomé pero completándoo e dando continuidade e seguridade. Deste xeito estará conectado todo o centro urbano dende Fefiñáns-Corvillón ata San Tomé. A partir deste eixe principal iranse facilitando as conexións cos dous institutos de secundaria. E ampliáremolo para que conecte San Tomé coa ponte de Castrelo e o paseo que pola beiramar chega ata a praia das Saíñas, e polo norte conectar Tragove coas praias de San Miguel de Deiro.
- Instalaremos cámaras de lectura de matrícula para **controlar os accesos**, só para residentes, nos principais accesos do casco histórico de Cambados. Esas mesmas cámaras servirán para regular os horarios de carga-descarga nas primeiras horas da mañá.



- Instalaranse cámaras de videovixancia en todos os accesos a Cambados para **controlar o tráfico**: rotondas de Vilariño, Corvillón, Castrelo, así como en varios lugares do centro.
- **Reformaremos** todas as **beirarrúas** que o precisen para que sexan **acesibles** a persoas de mobilidade reducida ou a carriños de bebés, como a Avenida de Vilagarcía e a Avenida de Galicia.
- **Organizaremos o tráfico** nas horas de **entrada**, e sobre todo **saída**, dos **centros escolares** de Cambados, o que provoca importantes atascos. Promoveremos camiños escolares seguros que faga ao alumnado máis independente e evite que as familias teñan que levalos en coche. Máis tráfico arredor dos colexios, supón máis contaminación, que é especialmente prexudicial para os máis pequenos.
- **Retiraremos bolardos non necesarios**, que causan inconvenientes nas rúas do casco histórico xa que o tráfico vai ser reducido aos residentes.
- Instaremos con firmeza á Xunta de Galicia, que ten as competencias en materia de transporte público, para que se habiliten **liñas de buses** que conecten Cambados coa **estación de tren de Vilagarcía**, cos **aeroportos** de Vigo e Santiago ou cos **hospitais** do Salnés e Montecelo.
- **Reorganizaremos o tráfico de autobuses** dos visitantes, **centralizando na estación de autobuses** o lugar de deixada dos pasaxeiros, deste xeito deberán percorrer e visitar Cambados, para chegar a Fefiñáns e ao tren turístico. E tamén será punto de encontro para a recollida. Pretendemos así, desconxestionar o tráfico e evitar situacións de risco como as que se producen cando estes autobuses fan transbordo de pasaxeiros en zonas como A Mercé, cruce da Avenida de Vilariño coa Avenida de Madrid ou praza do Concello.

OBRAS E SERVIZOS

LIMPEZA

É preciso modernizar os sistemas de limpeza adaptándoos ás novas tecnoloxías e mellorando o sistema de recollida manual que se vén utilizando en Cambados dende fai 50 anos.

- Implantaremos un **servizo de limpeza mecanizado** no centro de Cambados e nas parroquias, deste xeito melloraremos a eficiencia e os tempos de traballo.
- **Aumentaremos a limpeza** da liña costeira, dende a Seca ata San Tomé, por ser un paseo moi transitado por veciñanza e visitantes. E colocaremos **papeleiras ao longo do Paseo do Muiño da Seca**.
- **Concienciaremos** a escolares e veciñanza de que se ensuciamos menos haberá que limpar menos, e aforraremos cartos que saen do peto de todos e todas. Faremos campañas de sensibilización aos propietarios de animais de compañía ante a importancia de colaborar na limpeza.

XESTIÓN DOS RESIDUOS

A xestión dos residuos é moi custosa, leva case 1 millón de euros, no presuposto municipal e supón o 10% dos gastos. Facendo as cousas doutro xeito e coa colaboración da cidadanía, poderíase obter un importante aforro:

- Promoveremos o modelo económico circular baseado nas **7Rs** (Rediseñar, Reducir, Reutilizar, Reparar, Renovar, Recuperar e Reciclar) que leve a unha transformación cultural.
- **Fomentaremos a recollida de envases e plásticos** de xeito separado e controlable; é posible a súa venda. Instalaremos unha máquina na Praza de Abastos para a entrega dos envases plásticos, coa **contraprestación** de dar **bonos** para gastar no **comercio local**.
- Seguiremos **apostando pola compostaxe**, como fixemos ao longo destes 8 anos, aumentando o número de composteiros públicos para o centro urbano e individuais para vivendas nas zonas rurais que dispoñan de espazo. Os residuos orgánicos son o 42 % do lixo, case a metade, non ten custe trasladalo, son de fácil tratamento coa compostaxe, e produce abono reutilizable. É preciso concienciar e informar á veciñanza sobre isto.



- Melloraremos a **xestión do punto limpo**. Que funcione tamén como un centro de **reparación** para alongar a vida útil dos produtos. A onde acudir cos aparatos eléctricos ou outro tipo de produtos estragados. Con **persoal** que repara ou axuda aos propietarios dos aparatos a que o fagan por si mesmos. Fomentaremos campañas de voluntariado para realizar estas tarefas, contaremos tamén con alumnos da educación regulada e non regulada e faremos cursos de formación para a reparación de electrodomésticos.
- Faremos **campañas formativas** para a veciñanza e as empresas para conciencialos sobre o problema que crean os hábitos de consumo actual e fomentar a súa colaboración na redución e tratamento dos residuos. Outro elemento que agrava o cambio climático.
- Vanse investir 7 **millóns de euros** na **mellora do saneamento municipal** e nas novas instalacións da depuradora de Tragove. Eliminarase a depuradora do Facho para evitar as filtracións ao mar de augas fecais e instalaremos unha nova liña separativa de augas fecais e pluviais dende Castrelo ata Corvillón.
- Implantaremos un **sistema de control de calidade das augas** de ríos e zonas litorais. E tamén da calidade do **aire** e da **radiación do gas radón** facendo mostraxes periódicas en distintas zonas de Cambados.

XESTIÓN DA AUGA

A xestión da auga está agora mesmo en mans dunha empresa privada, ao recibir de gobernos anteriores unha concesión por 50 anos. Non parece o máis adecuado que unha empresa privada controle un ben tan esencial que pode escasear no futuro. Pero así o decidiron outros.

- Implantaremos un **sistema para detectar as fugas** na rede de abastecemento mediante técnicas de telemetría.
- Elaboraremos un **plan de emerxencia** para actuar en caso de **secas** e para evitar cortes no subministro e concienciaremos á cidadanía sobre o uso racional do consumo da auga.
- Habilitaremos sistemas en edificios e xardíns municipais para **aproveitar a recollida de auga da chuvia** ou o reaproveitamento de augas grises.
- Imos **restaurar as fontes de auga potable** existentes ao longo do paseo marítimo e crearemos novas noutros puntos de Cambados que axuden a reducir o consumo de auga en envases plásticos.



OBRAS

Este vai ser o mandato dos investimentos, pois unha vez que se pagou a débeda Cambados vai dispoñer de suficiente liquidez para afrontar estas obras precisas para o desenvolvemento de Cambados sen necesidade de endebedar o concello e as futuras xeracións.

- Melloraremos o **pavimento de San Tomé** e da rúa Infantas cun sistema de adoquíns lisos que é máis estable e fai un pavimento menos irregular.
- Dotaremos dunha **beirarrúa á rúa Carreira** e arranxaremos a **rúa Álvaro Cunqueiro de Fefiñáns**, de xeito similar ao que se fixo na rúa Sevilla.
- Arranxaremos a contorna da **Escalinata de San Tomé**, creando unha área empedrada e separada do tráfico rodado, poñendo en valor a Escalinata e o Pazo de Montesacro.
- Colocaremos unha **pasarela de madeira** a partir do remate do **paseo na Praia de San Tomé** que continúe ata o peirao e conecte co camiño que leva á Torre, evitando así que os peóns que van á Torre teñan que camiñar polo medio da estrada.
- Realizaremos un **plan de mellora do monte da Pastora**, un espazo de propiedade municipal e situación privilexiada. Con actuacións como: a mellora do parque infantil; a rehabilitación da capela da Pastora; a plantación de especies autóctonas e a eliminación das especies invasoras; a accesibilidade nas escaleiras á capela; e, a escavación arqueolóxica do castro (no caso de que aparezan restos de pedra quedarán a vista).
- Realizaremos una **reforma integral da Rúa Infantas** e da **Rúa Narciso Pérez** instalando adoquíns lisos e mellorando a súa accesibilidade.
- Avanzaremos na **peonalización da Praza do Concello** e plantaremos máis árbores frondosas que dean sombra, substituíndo as palmeiras mortas.
- Faremos unha **reforma integral do Pazo Torrado** substituíndo a carpintaría interior e exterior e cambiando o tellado, **melloraremos** tamén o **parque infantil**, crearemos pistas de xogo e acondicionaremos o xardín.
- Crearemos un **parque canino** á beira da rúa Atlántico, ofrecendo así unha zona de esparcemento segura para que estes animais de compañía teñan un lugar no que xogar e adestrar.
- Faremos unha **revisión de todos os camiños rurais** das parroquias, **asfaltando** ou arranxando os que o precisen. E **estenderemos a rede de sumidoiros**-alcantarillado a todas as vivendas. Conseguiremos así que todas as vivendas das parroquias teñan un acceso axeitado e un bo saneamento público.

- Faremos unha **beirarrúa** pola **rúa do Castro**, que conecta coa avenida de Vilariño.
- Melloraremos o **tránsito de vehículos** no embude que supón o muro do cemiterio de Santa Mariña.
- Sinalizaremos **prazas de aparcamento**, habilitando novas zonas de aparcamento nas antigas canteiras.
- Acondicionaremos a **entrada do cemiterio** de Santa Mariña e a fonte que hai no acceso, creando un area empedrada e separada do tráfico rodado e mellorando a accesibilidade ao cemiterio.

ATENCIÓN A CIDADANÍA

- Continuaremos **mellorando a transparencia** do concello a nivel de acceso a información referida a plenos, normativa, contratacións de obras e persoal, gastos...
- **Facilitaremos a accesibilidade dos membros do goberno** municipal coa cidadanía.
- Habilitaremos **espazos** dentro do concello para que **todos os grupos políticos** teñan un lugar de **atención directa** á veciñanza.
- **Facilitaremos o pago dos recibos municipais:** auga, lixo, IAE, IBI, IVTM... **fraccionando os pagos** (mensual, trimestral, semestral...) **previa solicitude** do veciño e sen aplicar recargo
- Faremos **públicas as extensións telefónicas** de todos os **departamentos municipais** para que a cidadanía poida contactar directamente co servizo que precisa sen ter que chamar antes ao número do concello.
- Implantaremos un **sistema de citas presenciais e virtuais** na que a veciñanza ao chegar ao concello poida sacar a súa quenda no mostrador e sexa atendido con máis rapidez nos distintos departamentos, similar ao existente na Seguridade Social ou Facenda.

PATRIMONIO

O PATRIMONIO É PASADO, PRESENTE E FUTURO

Conservar o patrimonio (histórico, artístico e natural) supón reforzar a nosa identidade. É o que nos legaron os antepasados para desfrutar del agora, e para que o desfruten tamén as xeracións futuras. O patrimonio ten un valor en si mesmo pero é tamén unha fonte de riqueza, que non podemos desperdiciar. Hai que protexelo e conservalo.

- A nosa lingua é outro inmenso patrimonio a protexer. Seguiremos **impulsando o uso do galego**, especialmente entre a mocidade.
- Continuaremos o programa de **escavacións arqueolóxicas** en **San Tomé** e ampliáremolo ao **monte da Pastora**, ao **castro de Sete pías** e ao **monte de Castrelo**. Facendo un centro de interpretación para visitar e explicar os achados dentro do Museo Etnográfico e do Viño.
- Melloraremos e **acondicionaremos** as **telleiras de Castrelo**. Melloraremos tamén a información dos paneis informativos que hai ao longo da senda de Castrelo explicando a súa historia e proceso produtivo.
- Retiraremos **contedores** na parte traseira da **capela de Santa Margarida** e melloraremos o pavimento da rúa Hospital.
- Instaremos a Portos de Galicia para a construción dun **pantalán de amarre** na illa das Goritas para as **embarcacións tradicionais** e unha **nave invernal** en Tragove para as mesmas, e tamén esixiremos a desafectación dos terreos do Paseo da Calzada e da Alameda de San Tomé que xa non teñen uso portuario.
- Integraremos os bens patrimoniais na estratexia educativa, cultural e turística do Concello, deseñando actividades que poñan en valor estes recursos

SERVIZOS SOCIAIS

QUE NINGUÉN QUEDE ATRÁS

A crise da COVID fixo preciso que actuásemos xuntos. Novos desafíos virán no futuro e farémolles fronte se colaboramos.

- Durante os anos da crise da COVID no goberno municipal **triplicamos os orzamentos para temas sociais** pasando en 8 anos de **249.700€ a 620.700€**. Hai que continuar nesta liña, especialmente pensando no envellecemento da poboación e nas necesidades da xente.
- Hai que preparar **plans de emerxencia** en caso de inundacións, fortes secas, ondas de calor, temporais de vento... Adestrar ao persoal de protección civil, informar á poboación, planificar a atención aos máis vulnerables, dispoñer de fondos de emerxencia para facer fronte as necesidades...
- Crearemos un **voluntariado para temas medioambientais e sociais**. Para coidar espazos naturais, axudar nos camiños escolares seguros ou axudar a atender a dependentes ou maiores.
- Reforzaremos a atención á dependencia: establecer un **SAF** (servizo de axuda no fogar) **de urxencia** (e en función da renda) para situacións en que haxa que actuar con rapidez, sexan temporais ou permanentes, e que permita actuar antes de que se faga toda a tramitación da concesión da dependencia, que pode levar meses.
- Seguiremos **informando á cidadanía** sobre os **programas e servizos** de atención a persoas maiores: Servizo de Axuda no Fogar, Xantar na Casa, tele-asistencia, transporte adaptado...
- Promoveremos **programas de envellecemento activo** e achegaremos a actividade deportiva ás persoas maiores.
- Crearemos algún **piso tutelado** para persoas con **doenzas mentais**.



URBANISMO E VIVENDA

SOMOS AS CIDADES QUE TEMOS

Cidade vén da palabra en latín *civitas*, como tamén civilización. Na cidade vense os valores que temos.

Que cidade queremos? Para os coches ou para os peóns? Para desfrutala ou para sufrila? Para relacionarnos ou para illarnos?

- Desenvolveremos as normas subsidiarias para a elaboración dos distintos **Plans Especiais**, adaptalas á lexislación vixente e posteriormente podelas implementar tanto nas unidades de xestión coma nas áreas de desenvolvemento urbanístico.
- Fomentaremos a **arquitectura verde e sostible** e facilitaremos que o parque de edificios (tanto novos edificios como existentes) se adapte rápida e facilmente ao **menor consumo de enerxía e auga**. Promoveremos axudas para a rehabilitación e/ou informar á cidadanía da súa existencia e de como solicitalas.
- Desenvolveremos **refuxios climáticos**, é dicir, áreas con numerosas árbores que dean sombra en momentos de vagas de calor: en explanadas, en parques infantís, en prazas como a de Alfredo Brañas ou a do Concello, no paseo da Calzada...
- Facilitaremos o **aproveitamento e a reutilización de augas nos edificios**. Que as novas edificacións inclúan a reutilización de augas grises e a recuperación de augas de chuvia.
- Instaremos ao goberno central e á SAREB a que cedan as vivendas que dispoñen en Cambados para dedicalas a **aluguer social**, reservando unha vivenda para piso tutelado para persoas con doenzas mentais.
- **Facilitaremos a tramitación das solicitudes de licenza** para que de xeito previo o solicitante coñeza a documentación que vai ter que achegar. Establecendo desta maneira un protocolo na tramitación das licenzas municipais que facilite e reduza o prazo na tramitación das mesmas.
- Estableceremos un **visor cartográfico** na web municipal adaptado ás normas subsidiarias, para que calquera persoa poida consultar a cualificación urbanística de cada unha das parcelas e inmoables do Concello de Cambados.